

DESCUBRIMOS OS NOSOS RECURSOS

INTRODUCCIÓN

Con este titular deuse comezo a un traballo de investigación a desenvolver dende a biblioteca “Sonia Villapol” do CEIP de Bretoña.

A temporalización prolóngase ao longo de todo o curso 2022/23, durante unha sesión semanal de uns 20 minutos, os mércores na “hora de ler”.

Retómase este curso esta actividade diaria, que se promove dende a biblioteca, co obxectivo de potenciar o hábito lector, a ansia de aprender por nós mesmos utilizando diversas fontes de información implícitas ou de fóra deste espazo.

Experimentamos nestes anos de pandemia unha etapa de “*confinamento*”, algo inédito.

Tivemos que implementar o concepto de **RESILIENCIA**, pasamos medo, escoitamos falar da COVID19, dunha pandemia... sentimos dor, pena, impotencia, vimos como xente que se infectaba poñíase moi enferma ou morría, imaxes desgarradoras visionábase constantemente na TV. Ata que o arduo traballo da comunidade científica implicada en frear semellante caos mundial atopou a pronta solución, nas vacinas, que progresivamente foron capaces de devolvernosa normalidade.

Grazas a esto e pese a tódalas experiencias adversas, hoxe podemos compararnos coa flor de loto, símbolo da resiliencia, pois pese a que o seu hábitat é o fango ou lagoas con auga estancada, o NENUFAR emerxe enérxico coa súa deslumbrante beleza. Do mesmo xeito a capacidade humana permítenos adaptarnos a calquera situación difícil e emerxer igualmente dos momentos duros. É polo que eliximos esta flor acuática como o noso símbolo,

Esta pandemia coas súas consecuencias sanitarias e económicas foi a razón do noso proxecto.

Plantexámonos a seguinte hipótese:

SE houberse outra pandemia, outro confinamento máis longo e se esgotasen os produtos de primeira necesidade, como nos organizaríamos a xente de Bretoña para sobrevivir, tan só cos nosos recursos?

Fomos capaces de poñernos en situación de xurdiu o de:

DESCUBRIMOS OS NOSOS RECURSOS

Implicado todo o alumnado comezamos este traballo cooperativo, cada un aportou o mellor de si mesmo, rexistrábanse tódolos datos, tanto individuais coma grupais, consensuábanse e concretábanse coa finalidade de elaborar un libro ou texto documental contemporáneo.

Os datos obtémolos de distintas fontes, tanto dos fondos da biblioteca (libros, prensa, internet...) coma de consultas externas ao colexio sexa a familiares ou veciños; de información vía telefónica, como a chamada que fixemos a Fábrica de Pensos onde moi amablemente dende o Departamento da Administración da Fábrica nos atendeu Rosa, economista, que respostou amplamente a todas as preguntas que lle plantexamos; tamén de visitas as canteiras do Campodoso e mesmamente a Nave Industrial da Pizarra, da que obtivemos ampla información, guiados por Jose, Xerente e dono da explotación mineira e da Nave Industrial; de ponentes que tiveron a ben acercarse a nosa biblioteca e disertar amplamente e dar resposta as nosas preguntas ou inquiredanzas a cerca da súa profesión, coma Jose, pai de Xiana e Hugo e Sonia, nai de Artai; e igualmente de debates, discusións ou conclusións que saen das sesión de posta en común que levamos a cabo nesta “hora de ler”



En busca dos nosos recursos no monte de Carracedo, no Campodoso

ESTRUCTURA DO PROXECTO

1. Repartición heteroxénea do alumnado en 4 grupos.
A finalidade é poder realizar actividades dende o gran grupo, pequeno grupo ou individuais, segundo conveña.
2. Obxectivos:
Descubrir, analizar e valorar os nosos recursos. Coñecer Bretoña.
3. Inculcar no alumnado que importan as persoas, independentemente da profesión ou traballo que realicen
4. Metodoloxía:
Activa e participativa, con matices cargados de obxectividade e que permita a participación potencial de todo o alumnado ao igual que a participación das familias ou da comunidade educativa.

Este traballo é un instrumento para a comprensión do contexto actual de Bretoña, pon en valor a tódolos habitantes e profesións que caracterizan o noso contorno socio-económico.

Bretoña é unha parroquia do rural de Galicia, é un dos lugares máis importantes da península polo desenvolvemento agro-gandeiro e no que hai uns menos e nenas, futuras xeracións, que os honra este traballo e a actitude que mostran para aportar datos, descubriendo así a nosa identidade coma britonienses.

CONTEXTUALIZACIÓN: BRETOÑA


Contextualizamos este traballo na parroquia de Bretoña.

BRETOÑA é unha parroquia do concello de A Pastoriza pertencente a Comarca da Terra Cha e o Partido Xudicial e a Diocese de Mondoñedo, provincia de Lugo.

Conforman esta parroquia os lugares de:

Alvite, Pedredo, Azogue, Castrillón, Castiñeira, Piñeiros, Currás, A Afoz, Fitoiro, Francos, A Soledá, Fontao, A Iglesia, Loxilde, Mourelle, Seselle e Xemil.

A poboación, como se pode observar na seguinte gráfica, tende a descender na actualidade. A día de hoxe a nosa poboación xira en torno ós 700 habitantes, con datos actualizados do censo electoral están censadas 604 persoas no ano 2023.



Os primeiros poboadores celtas asentáronse nun Castro no que se atopa hoxe a Igrexa de Bretoña e posteriormente os romanos, hai vestixios atopados en escavacións que o confirman ao igual que temos certa toponimia que se conserva actualmente coma Alvite de orixe celta; ou Fontao, Pedredo e Fitoiro de orixe romana.

Por outras escavacións sóubose que no S.VI había neste mesmo castro un mosteiro ou catedral onde vivían un grupo de monxes co seu bispo, que chegaron fuxindo das invasión anglosaxoas. Un grupo de celtobretóns orixinarios das Illas Británicas, dirixidos polo Príncipe Mayloc que posteriormente se converte Bispo deste mosteiro aséntanse en Bretoña. Na praza do pobo érguese un monumento, obra do escultor F. Villapol, coma homenaxe a Mayloc.



Monumento a MAYLOC, Praza de Bretoña, Escultor F. Villapol

Nesta Sé tivemos ata 12 bispos consecutivos, dende o ano 62 ata o 895.

En Bretoña ademais desta Igrexa temos capelas na maioría dos lugares coas súas respectivas festividades, S, Cosme da Castiñeira, S. Adriano en Fitoiro...

No mes de xuño temos no Campodoso a ancestral Festa da Rapa das Bestas

A Asociación Xuvenil A Auruxeira dende o ano 1996 rememora a cultura celta coa festa do Lughnasad, festa do verán en honor ao deus Lugh, que esperamos se retome despois dunha paréntese.

Nace en Bretoña e desaparece en Fonmiñá **o río Miñotelo** que cruzando o pobo nos deixa unha paisaxe con un paseo fluvial onde a biodiversidade se retroalimenta en sintonía con unha serie de muíños aos que abastece. Estas reliquias arquitectónicas xunto con un Museo Etnográfico

transpórtanos a nosa autenticidade histórica e facilítannos a mellor comprensión da nosa idiosincrasia como pobo, dotado a día de hoxe cos recursos que imos a descubrir neste traballo.



Festa Celta LUGHNASAD. Coto da Auruxeira, Bretoña

RECURSOS: TIPOS

Entendemos por recursos tódolos elementos que se utilizan para satisfacer as nosas necesidades.

Os tipos de recursos poderíanse clasificar de moitos xeitos, pero nós optamos pola seguinte clasificación:

- *Naturais*
- *Sociais ou humanos*
- *Materiais*

RECURSOS NATURAIS

Os recursos naturais son os que existen na natureza, sexan materiais ou enerxéticos e serven para satisfacer as necesidades biolóxicas, económicas ou sociais do ser humano.

Citamos o sol, a auga, o aire, o solo, os minerais, a flora e fauna etc.

Estes recursos naturais, vivos ou sen vida, imos a clasificalos en:

- *Renovables*
- *Non renovables.*

Recursos renovables; Denomínanse así os recursos que nos proporciona a natureza e que por máis que se utilicen non se esgotan. Xéranse de maneira natural a unha velocidade superior a do consumo. Contribúen ó coidado do medio ambiente porque non son contaminantes.

Pese a elo debemos de ser responsables coa súa utilización.

Exemplos; radiación solar, vento, mareas, auga doce, a choiva, a madeira...

Recursos non renovables; Existen en cantidades limitadas, poden esgotarse e non se rexeneran ó ritmo do consumo. Teñen un impacto ambiental superior aos renovables.

Exemplos; Fósiles como a pizarra, carbón, petróleo, gas natural; enerxía nuclear, metais e minerais coma o ouro, prata, diamantes etc.

UTILIZACIÓN DOS RECURSOS RENOVABLES E NON RENOVABLES

As **enerxías renovables** veñen de fontes naturais e inesgotables coma o vento, sol, auga.

A enerxía **non renovable** obtense de combustibles fósiles coma o petróleo, gas natural, ou carbón.

A **non renovable** contamina o medio ambiente e estase esgotando, mentres que **as renovables** xeneran baixas emisións de gases de efecto invernadoiro, ou sexa contaminan pouco “per se” pero algunhas, coma os parques eólicos, teñen un impacto visual, no solo e medioambiental debido a infraestrutura necesaria para a súa instalación que ás veces deixa moito que desexar como impacto no ecosistema.

ENERXÍA RENOVABLE

- Solar
- Hidráulica
- Eólica
- Xeotérmica
- Biomasa
- Auga (e pode ser non renovable pola contaminación ou mal uso)

ENERXÍA NON RENOVABLE

- Petróleo
- Gas natural
- Carbón
- Enerxía nuclear (xenera un gran perigo polos residuos radioactivos)

Pese a estas características as enerxías **non renovables** son as máis utilizadas na actualidade debido a temas económicos e infraestruturais.

RECURSOS SOCIAIS OU HUMANOS

Refírense ao persoal

Estes recursos humanos, institucionais etc, teñen por obxecto contribuír ó benestar colectivo e mellorar a calidade de vida das persoas, evitando así problemas coma pobreza, racismo e outros. Tamén xestionan o resto dos recursos, conflitos, non asistencia sanitaria, entre outras moitas funcións, para garantir a súa eficacia.

Citaremos algúns

- *Servicios Sociais*
- *Servicios Culturais, Ocio, Educación*
- *Asistencia Sanitaria*
- *Manufacturas* (proceso de materias primas en elaboradas)
- *Gastronomía*

RECURSOS MATERIAIS

Refírense a todo tipo de materias primas ou cousas que se transforman, ferramentas, máquinas...

Hoxe falamos de elementos reais ou cousas, de elementos virtuais ou novas tecnoloxías sen esquecer os recursos financeiros necesarios para a adquisición de gran parte dos recursos materiais.

Citamos

- *Terreos*
- *Edifícios e instalación coma locais, naves, oficinas...*
- *Tecnolóxicos tanto maquinaria coma recursos abstractos ou informáticos*
- *Diñeiro, acción etc.*

SECTORES ECONÓMICOS

Empregamos a clasificación tradicional para referirnos aos distintos sectores de produción

- *SECTOR PRIMARIO*
- *SECTOR SECUNDARIO*
- *SECTOR TERCIARIO*

Quedando así clasificada o tipo de actividade económica da nosa zona

O **sector primario** abarca as actividades relacionadas cos obtención de recursos naturais que temos e que están condicionados pola xeografía e o clima que nos embarga, ben sexa a agricultura, gandería, explotación forestal etc.


O **sector secundario** ou industrial transforma os recursos do sector primario en produtos elaborados, este sector non depende tanto do clima nin da xeografía, poden ubicarse en zonas urbanas ou rurais, por exemplo industria cárnica, leiteira, automoción...

O **sector terciario** abarca a prestación de servizos, son actividades económicas relacionadas coa distribución e comercialización dos produtos elaborados

Existe un moi amplo ábano de profesionais que se adican a este sector, mais na nosa zona non é un sector capital da nosa economía, pese a que vai en aumento.

Poderíamos citar o comercio ou tendas; transporte; turismo condicionado polo clima e a pouca promoción, hoteis ou restaurantes; financeiros: centros educativos; de entretemento...

Parte do alumnado aportou fotografías dos seus familiares realizando actividades propias da súa profesión, que encadramos nos tres sectores anteriormente descritos, pero que as organizamos arbitrariamente.



SECTOR PRIMARIO

<p>GANADERIA</p> <p>Se encarga de cuidar animales, de ella obtenemos productos animales. Puede ser:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Vacuna: vacas. • Aviar: aves. • Porcina: cerdos. 	<p>En el sector primario se obtienen las materias primas.</p> <p>Las materias primas son los productos naturales que obtenemos de la naturaleza y que usamos sin necesidad de transformarlos.</p>	<p>A través de ella obtenemos: carne, frutas y verduras. Puede ser:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Secano: se riega con la lluvia. • Regadio: se usa agua de pozos o ríos.
<p>PESCA</p> <p>La pesca consiste en la captura de peces y otros animales acuáticos en ríos, lagos y mares. Puede ser:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Marítima: mares y océanos. • Fluvial: ríos. 	<p>En el sector primario encontramos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Agricultura. • Ganadería. • Pesca. • Minería. <div style="text-align: center; margin-top: 10px;"> </div>	<p>MINERIA</p> <p>La minería es la actividad de explorar minas, extraer minerales. Por ejemplo: diamantes, hierro, petróleo, etc.</p> <p style="font-size: small; text-align: right;">@andreaapfelstein</p>




SECTOR SECUNDARIO

TALLERES

Los **artesanos** elaboran productos con sus manos o haciendo uso de máquinas sencillas.

Al ser **hecho a mano**, se elaboran **pocos productos al día**.




En el sector secundario se fabrican **productos elaborados**, que pueden ser artesanales o industriales.

Las materias primas obtenidas en el sector primario (hierro, lana, leche...) pueden transformarse en productos elaborados como una bicicleta, un jersey, queso, etc.

Este proceso puede realizarse en:


- Taller.
- Fábrica.





FÁBRICAS

En las fábricas o industrias trabajan los obreros.

Usan **grandes máquinas** para la fabricación y elaboran **muchos productos en poco tiempo**.








SECTOR TERCIARIO

El sector terciario es, también, llamado sector servicios.

Muchas de las personas de nuestro entorno trabajan en este sector, dando servicios a la comunidad. Por ejemplo:

- Los maestros enseñan.
- Los médicos curan.
- Los camareros sirven.
- Los conductores de autobús nos transportan.



Borekhanoglucan



LUIS



JOSE



DAVINIA



ORLANDO



SONIA



ISA



JOSE



OLEGARIO



MARCOS



NOELIA



JOSE



ISABEL

OS DISTINTOS SECTORES EN BRETOÑA

Sector Primario

Historicamente en Bretoña as actividades e recursos relativos ó sector primario estaban na súa gran maioría relacionadas co autoconsumo.

Este modelo cambia radicalmente dende fai algo máis de medio século a raíz da Concentración Parcelaria (1968), o minifundio esaxerado, pasa a converterse en terreo parcelado de grandes dimensión, mesmamente terreos improditivos convértense en grandes parcelas produtivas, orixinando así un sector ben distinto; as vías de comunicación e a mesura das leiras permite o emprego da maquinaria de gran potencia, cal explosión industrial, rápida e progresivamente

É tal o cambio tanto no tipo de cultivos coma na súa rendibilidade e comodidade á hora de realizar as actividades agro gandeiras que parece que a Revolución Industrial chegou a Bretoña na data antes citada modificando tódolos aspectos da vida dos bretoñeses.

Pásase do traballo manual ou de tracción animal a proliferación de tractores, coches, vías de comunicación, construcións...

Esta revolución agrícola orixinou un cambio na paisaxe natural, no relativo a tipo de cultivos, razas de animais, especialmente do bovino ao igual que na paisaxe urbana, que a partir disto aparecen novos materiais coma o ladrillo e novos modelos construtivos difíciles de defender con respecto a estrutura ou estética en contraposición as construcións tradicionais que empregaban a pedra da zona. Daquela as edificacións típicas eran a casa, cabozo, pallar e pozo da auga con unha orientación e distancias milimétricas, creando así uns complexos funcionais e integrados harmonicamente na nosa paisaxe rural. A día de hoxe as construcións son ben distintas.

É de destacar coma recurso importante dentro do sector primario en Bretoña :

- *A gandería bovina de leite*
- *A gandería bovina de carne*
- *Menos importante a cabalar, ovina, porcina, aviar*

O vacún autóctono co sistema tradicional apórtanos carne de moi boa calidade, a alimentación consiste en produtos locais ecolóxicos, a poder ser, cultivados aquí, coma herba, millo... pero non é tan rendible coma a gandería industrial que permite competir cos grandes mercados e consume ademais de herba e forraxes da zona pensos industriais.

O número de gando vacún multiplicouse de tal xeito que antes da concentración as ganderías conformábanas 5 ou 7 vacas de media e hoxe supera as 100 vacas en produción leiteira;

Moitas explotacións contan ademais con cabanas gandeiras de vaca rubia galega.

Temos datos actuais de distintos barrios ou lugares de Bretoña, aportados polo alumnado; pese a que está baixando a gráfica a nivel titulares das explotación non por iso baixa a cantidade de gando. A modo de exemplo dicir que Antía Gómez apórtanos datos da granxa familiar e dinos que ten 200 vacas de leite e 50 de carne, polo que Bretoña segue a ser un referente agro gandeiro importante.

Dentro do sector primario temos ademais do citado anteriormente recursos tipo:

- *Forestal*: fincas con eucaliptos, pinos e árbores autóctonas.
- *Minería*: Canteira de pizarra, xestionada por empresa Galega, pero de Ourense
- *Aeroxeneradores*; Enerxía eólica, xestionada por empresa foránea.

Sector secundario

En Bretoña este sector non destaca pola súa importancia, pese a haber dúas industrias con unha facturación anual moi importante:

- *Fábrica de pensos*, fundada por socios na súa maioría locais e que despois de anos véndese a empresa COREN, actual propietaria e que segue a dar emprego directo e indirecto a un número significativo de operarios.
- *Industria pizarreira*, xestionada sempre por empresarios de fóra de Bretoña, varios foron os donos desta empresa ao longo dos anos que se leva extraendo e manufacturando a pizarra que se agochaba fosilizada baixo o monte de Campodoso. O alumnado fixemos unha visita as canteiras máis a nave industrial, na que observamos in situ a profesionalidade e destreza que teñen os empregados que alí traballan e o proceso de elaboración e resultado final da pizarra preparada e empaquetada en palets para a súa distribución, especialmente para Europa, Estados Unidos etc según nos aclarou o xerente e propietario actual na visita que levamos a cabo.
- *Parque eólico*, sito ao norte da parroquia, dende o Campodoso a O Pedredo, xestionada por industrias eléctricas alleas.

Na biblioteca todo o grupo-centro debatimos acerca deste tema, por unanimidade destacamos a carencia industrial e de capital propio.

Valoramos os pros e contras de extraer ou esgotar os recursos **non renovables**, como a pizarra denominada e sen razón, como “o ouro negro”, debido a rendibilidade que proporciona ás empresas que a comercializan.

Valoramos os pros e contras da enerxía eólica, que nos está a invadir.

Valoramos acerca da carencia industrial relacionada co sector primario máis potente, o gandeiro, e detectamos a necesidade de que a transformación da produción leiteira ou cárnica, dende a materia prima, proceso industrial, ata a súa distribución e consumo teña a base en Bretoña, ou sexa que a cadea de produción fose integramente local, iso sería de suma importancia.

Neste sector actualmente contamos con industrias relativas a construción, panadería, carpintaría etc



Canteira do Campodoso e Nave Industrial de Pizarra. Ambas en Bretoña

Sector terciario

Engloba tódalas outras actividades relacionadas co sector servizos en xeral, son unha fonte importante de emprego, que aquí vai en alza pese a que a tendencia da Administración vemos que é a centralización de servizos, aspecto que perxudica a zona rural e concretamente a Bretoña.

Como exemplos citar museos, colexio, hostalería, talleres, tendas, banco...



Museo Pedagógico-Etnográfico Villapol

Moi brevemente imos facer un repaso dos recursos que houbo en Bretoña:

Temos datos de que xa no século XIV tiñamos Notario, e a principios do XVII outro Notario era Pedro Xuárez Brito que consta en documento oficial que estaba obrigado a residir en Bretoña, onde exercía a súa profesión.

No R.D. de 23 de xuño do 1835 divídese a provincia de Lugo en 87 concellos, BRETOÑA era un deles ó que pertencían as parroquias de: Cadavedo, Úbeda, Bretoña, Vián, Reigosa e a Aguarda.

Tamén houbo a principios do S. XX, Cuartel da Garda Civil.

Houbo médico cirurxián e mesmamente a saga dos Gasalla de Lugo teñen aquí a súa orixe.

Tivemos por moitos anos: médico, farmacia, oficina de correos..., que perdemos recentemente, pero non imos falar do que perdemos senón do que temos.

INVESTIGACIÓN DE CAMPO:

As nenas e nenos recolleron datos obxectivos da súa contorna máis próxima e dos recursos que hai no seu lugar ou barrio, a modo de exemplos imos a plasmar algúns:

A IGLESIA

- Bar Esquina (bar)
- Bar Tropical (bar)
- Casa Luciano (bar e restaurante)
- Hotel Casa da Luz (bar, restaurante e hotel)
- Os Pintos (taller)
- Talleres Casavella (taller)
- Martínez Martínez (taller)
- Comercial Angeles (comercial agro gandeira)
- Serra (comercial agro gandeira)
- O Zapateiro (supermercado)
- Rafa (supermercado)
- Abanca (banco)
- Panadería Seivane (panadería)
- Antonio (Ateca, xestoría)
- Alvarez Real (xestoría)
- Ana (perruqueira)
- Marisa (comercio)
- Montse (electrodomésticos)
- Milagros (taxi)
- Gonzalo (almacén)
- Orlando (material de construción)
- Irmáns Falcón (frío industrial, instalacións robots muxir...)
- Manolo García (electricista)
- Abel (fontaneiro)

- Angel (pintura)
- Carlos (veterinario)
- Alba (fisioterapeuta)
- Villapol (escultor)
- CIN de Bretoña
- CEIP de Bretoña (colexio)
- Igrexa de Bretoña
- Locais sociais :Teleclub, Salón Parroquial
- Centro Cívico e Social e Residencia da Terceira Idade

CURRÁS

- Gandería Gómez- González S.C. (Vacún leite e carne)
- Gandería Campovello S.C.
- O Ramudo(vacún)
- Guxarelo(vacún)
- Nicanor (ovino)
- Casa Jaime e Pilar (vacún)
- Casa Guxarelo (vacún de carne)
- Félix de Vila (vacún carne)
- COREN (Granxa de porcos)
- David de Braña (gando cabalar)

FRANCOS

- Castro Fraga (gandería)
- Seco Rubinos (gandería)
- Casa Melero (gandería de vacún leite, carne e cabalar)
- Gandería Pena (vacún de leite)
- Casa Pepe de Dadolo (vacún leite)
- Cándido do Seco(vacún carne e cabalar)
- Os Caballeros (vacún leite)
- Hipólito dos Caballeros (carpintería)

ALVITE

- Javier Lindín (vacún de carne)

PEDREDO

- Casa Muíña (gandería leite)
- Verdes (vacún carne)
- Andrés da Grandela (vacún carne)
- Almacén de hortalizas
- Museo Pedagógico-Etnográfico Villapol

FONTAO

- Casa Poupariña (vacún de leite)
- Fontao SAT Salgado (explotación láctea e cárnica)
- Xan Blanco (explotación láctea)
- Losada (explotación láctea)
- Casa Xan García (explotación láctea)
- Fábrica de pensos COREN (pensos XA- COAGA e administrativos da empresa)
- Servicios Agrarios Alvite. (maquinaria agrícola)

FITOIRO

- Pena Gandería (vacún leite)
- Xuaneiro (vacún leite)
- Eva (vacún leite)
- Cordal
- Carballo de Afoz
- Abelleira de Afoz
- DICÓNS (construcións)
- CONSTRUSER (contricións)
- Dentista, Inés García Guerra.

MOURELLE

- Corona (vacún leite)
- Fina e Edelmiro (vacún)

XEMIL

- 4 Granxas de produción láctea
- 3 de produción cárnica
- 1 de porcino
- Industria Pizarreira

XESTIÓN DOS RECURSOS

Xestionar é planificar, programar e seleccionar os recursos coa finalidade de maximizar o seu rendemento ou aproveitamento; ou sexa gañar máis con menos.

A xestión garante seguridade, evita problemas imprevistos, axuda a facer cos recursos propios o que se pode quitando o máximo partido dos recursos dispoñibles, evitando así a necesidade de recursos externos ou importados.

A persoa encargada de xestionar necesita ter capacidade para dirixir, representar, tramitar, dominar estratexias, ter liderazgo ..., coa finalidade de obter un produto final rendible e sostible.

INTERACIÓ COMUNITADE EDUCATIVA – COLEXIO

Ademais destas actividades, nas que consta que tiveron un papel activo os familiares do alumnado, contamos coa presenza de ponentes que nos contaron, con todo detalle, en que consistía a súa profesión maila súa experiencia dende o seu comezo ata a actualidade, pros e contras con que se atoparon e atopan etc.

Respostaron ás preguntas ou inquedanzas dos menos e nenas e con humor e empatía, converteron estas xuntanzas en fructíferas e amenas; o seu papel activo no noso proxecto motivou, aínda máis se cabe, a ansia de saber máis e de coñecer o “saber facer” dos profesionais do noso vecindario.

Tanto Jose Martínez coma Sonia Lorigo, coas súas respectivas profesións , mecánica de automoción e xerente de hotel, souberon despertar o interese por descubrir as súas aptitudes ou propias potencialidades.

Tamén tivemos unha exhaustiva atención cando visitamos a Nave Industrial da Pizarra e puidemos observar aos operarios en plena actividade e ademais tivemos de parte do Xerente da empresa información acerca dos postos de traballo que proporciona, uns 40 directos, da comercialización da lousa, a España, Europa, Estados Unidos etc

Vía telefónica, xentileza de Rosa do Departamento de Administración, obtivemos información da Fábrica do Penso, dinos que nun principio foi COAGA constituída en 1981 por 21 socios e que posteriormente no ano 2000 adquire o grupo COREN. Hoxe dá emprego directo a 19 persoas e indirecto a un número non calculado. Todos eles pertencen a profesións tipo: administrativos, comerciais, peóns, veterinarios, transportistas, mantemento, seguridade... Que vende por todo Galicia, Portugal, Estados Unidos...

Presentaremos este documento ou libro no CIN, onde se nos ofrecen tódalas facilidades, ademais visitaremos as distintas salas que fan alusión ao noso tema, concretamente a da gaseosa, para relacionar os contidos alí expostos co aprendido nesta nosa “HORA DE LER”.



Mecánica do automóbil. Ponente Jose



Xerente de Hotel. Ponente Sonia.

ORGANIZACIÓN DOS EMPRENDEDORES

Cando se funda calquera cooperativa ou empresa hai que comezar facendo u estudio de mercado, previo a concretar a toma de decisións, pero no noso caso non se trata diso.

Nosoutros plantexámonos unha hipótese **como sobrevivir cos nosos recursos exclusivamente?** e o que imos facer é colaborar na potencialización e distribución de recursos que satisfagan as necesidades da poboación de Bretoña. Neste caso a emerxencia loxística obríganos a xestionar os nosos recursos, a poñernos a todos en perfecta coordinación para solventar os problemas ocasionados polo illamento e a falta de recursos de importación ou a comercialización dos nosos, durante unha etapa prolongada e dificultosa.

Neste caso os habitantes de Bretoña prescindirán de toda interacción fóra da parroquia, pero conseguirán poder sobrevivir dignamente.

Este grupo imos a dar solución a este problema, liderarán as actividades relacionadas cos tres sectores, serán polo tanto autónomos, xerentes, directores... capaces de xestionar a produción e distribución de calquera recurso útil para garantir unha boa calidade de vida dos seus concidadáns. Persoalmente penso que nos espera un bo futuro con estes bretoñeses.

Estes emprendedores asumen a responsabilidade de cada profesión e distribúense da seguinte maneira;

- **Propietario de terreos. Agricultor. Tractorista**
XOEL
- **Gandeiros: vacas de leite. Gandeiros: vacas de carne. Granxeiros: gando porcino. Granxeiros: gando ovino, aviar...**
XABI E HUGO
- **Propietarios masas forestais: eucaliptos, pino, bosque autóctono como castaños, carballos, vidueiras...**
IRAIDE
- **Arquitecta, construtora, carpintería...**
ANTÍA
- **Electricista. Fontaneira...**
CARLA
- **Enxeñeiro e Mecánica do automóbil**
UNAI e DAVID
- **Instaladores de tanques de frío, circuitos de ordeño, robots de ordeño, mantemento...**
MOHAMED
- **Transportistas: madeira, leite, carne, pan...**
JOSE
- **Xestor de Cooperativa de embasado de leite. Queixería**
ALEJANDRO
- **Dono de Matadoiro, Carnicería...**
QUIQUE
- **Supermercado.**
NEREA
- **Viveiro hortícola: sementes de patacas, millo, herba, leitugas, tomates, pementos...**
JULIA

- **Panadería e confitería**
ARTAI
- **Produtos fito sanitarios e menciñas para animais. Asistencia veterinaria. Centro Médico: médico, enfermería. Farmacia...**
ANTÍA GÓMEZ
- **Tenda de roupa**
ARIANA
- **Perruquería e estética**
ICÍA
- **Xerente de Hotel, Restaurante, Bar**
IREA
- **Xestoría**
AROA
- **Director de Banco**
ABDELLAH
- **Mestra PAI. Mestra CEIP**
PAULA
- **Profesora ESO**
MARA
- **Animadora sociocultural , Monitora Pavillón de Deportes.**
EREA
- **Guía de museo, Xerente de local socio-cultural**
JAMAL
- **Xerente Centro de Día e Residencia da Terceira Idade . Neurocientífica e xefa dun grupo de investigación**
XIANA
- **Psicólogo**
MIGUEL










A XEITO DE DOCUMENTO INTERCTIVO:




Sopa de letras

Recursos naturales

Busca las siguientes palabras y marcalas:

agua	atre
animales	bronce
cobre	gasnatural
minerales	oro
petroleo	plantas
renovables	suelo






Sector primario

Busca las palabras sobre el sector primario.

I	J	U	M	A	I	Ü	C	Ä	Y	N	B	N	O	J
Z	A	G	R	I	C	U	L	T	O	R	O	M	Ö	G
Y	V	A	C	U	N	A	M	A	R	I	T	I	M	A
J	A	Z	I	H	R	E	I	N	D	W	Ñ	U	V	A
S	B	Ä	G	J	G	R	R	A	S	D	Ñ	R	R	Y
L	E	Y	A	W	E	X	G	O	J	K	O	U	Z	E
T	B	C	N	D	N	E	Ö	J	T	D	T	F	A	M
F	W	R	A	Ñ	R	E	S	Ö	A	L	E	L	S	I
L	A	N	D	N	H	Ü	C	U	O	I	U	U	N	
P	A	H	E	E	O	C	S	C	D	E	Y	V	P	E
G	Z	G	R	U	N	E	I	E	Q	O	F	I	E	R
L	Y	U	O	T	P	R	E	V	G	A	Q	A	S	I
E	U	C	I	I	G	O	C	D	P	Y	Z	L	C	A
S	A	V	I	A	R	M	S	D	Q	O	Y	G	A	K
U	Ü	V	I	E	P	D	R	C	I	N	A	O	K	Ü

- | | | |
|-------------|-----------|----------|
| AGRICULTURA | GANADERÍA | PESCA |
| MINERÍA | REGADÍO | SECANO |
| MARÍTIMA | FLUVIAL | VACUNA |
| PORCINA | AVIAR | GANADERO |
| AGRICULTOR | MINERO | PESCADOR |



Sector secundario

Busca las siguientes palabras sobre el sector secundario.

V	E	A	T	Ú	N	E	L	E	S	F	J	Á	I	V	Á	X	A	L	Ü
L	E	Q	Ü	L	U	Ü	T	F	É	N	F	Q	F	A	J	Q	Q	U	E
J	B	D	K	B	A	W	E	P	V	I	X	A	Y	S	U	A	A	I	O
P	R	O	D	U	C	T	O	S	E	L	A	B	O	R	A	D	O	S	H
Ú	R	C	H	F	H	T	B	F	Á	B	R	I	C	A	Ñ	E	S	Ú	R
E	Ü	D	A	S	Á	R	I	U	S	P	N	I	V	T	E	S	É	G	H
K	C	L	C	R	H	X	Í	O	F	O	V	Ü	K	Ñ	A	E	C	E	E
F	Ñ	R	D	Y	R	J	R	P	M	K	A	X	Q	Y	I	D	V	T	H
É	G	R	A	N	D	E	S	M	Á	Q	U	I	N	A	S	I	X	F	L
U	U	T	T	B	R	S	T	A	L	L	E	R	Z	O	S	F	R	D	É
C	H	I	B	B	B	V	F	E	Á	I	I	M	Ü	Ñ	V	I	M	A	Y
I	G	T	O	M	A	N	O	S	R	I	Ñ	Q	S	N	F	C	Q	A	V
Q	J	I	N	D	U	S	T	R	I	A	Ü	W	L	U	O	I	A	D	S
U	R	U	D	U	J	X	O	I	V	Q	S	M	C	T	W	O	É	T	W
M	Á	Q	U	I	N	A	S	S	E	N	C	I	L	L	A	S	I	A	N
L	V	N	X	J	C	O	N	S	T	R	U	C	C	I	Ó	N	A	N	O
H	G	W	T	H	X	Y	P	U	E	N	T	E	S	V	S	A	S	B	X
Ü	C	E	X	T	D	X	E	I	P	B	H	Ñ	T	M	G	Q	I	S	E
Q	A	R	T	E	S	A	N	O	S	K	F	F	X	B	Q	K	E	N	Ü
E	R	Ñ	U	Ó	H	W	Q	J	A	A	R	T	E	S	A	N	I	A	Q

PRODUCTOS ELABORADOS

ARTESANÍA
ARTESANOS
TALLER
MANOS
MÁQUINAS SENCILLAS

INDUSTRIA
OBREROS
FÁBRICA
GRANDES MÁQUINAS

CONSTRUCCIÓN
PUENTES
TÚNELES
EDIFICIOS
CARRETERAS



Sector servicios.



Busca los trabajos que pertenecen al sector terciario, también llamado sector servicios.

S G B N G Z X D E P E N D I E N T E A I
 V K Q A G N C O D I S K L Y T T O I N W
 H C A M A R E R A I U I A Z P B R U J N
 D G N X W U G M E D I C O O K N W I V P
 M H Y P X Z K W X S X E C O Z D H P N G
 O N C G M V E T E R I N A R I A R H A T
 A E F A A S Z W J L A U B M O L E O D D
 H T A C M F W W D V B I T B S U I U G C
 P Z R L O I R M A E S T R O R G R F C I
 O B T D J K O H H A K A R I K E G O E U
 H I S O V Q U N N U G G V N R J W J B W
 V I G I L A N T E D E S E G U R I D A D
 Z O K U Z X D X F R A N K Y R G H P H
 C A J E R A R X T O O Z T U G M M I H S
 N E M A T J H X M M S N T T A X I S T A
 P R P I L O T O D E A V I O N J M D D O
 Q C A G A D I W J B O M B E R O R G U U
 M X O C B N Y K H F M U N O Y Y Q U G O
 J C O N D U C T O R D E A U T O B U S S
 R D O C T O R A E K E P O L I C I A V D

MÉDICO
 MAESTRO
 POLICIA
 VETERINARIA
 BOMBERO

CONDUCTOR DE AUTOBÚS
 DOCTORA
 TAXISTA
 VIGILANTE DE SEGURIDAD
 CAMIONERO

PILOTO DE AVIÓN
 DEPENDIENTE
 CAMARERA
 CAJERA



SOPA DE LETRAS LAS PROFESIONES

Encuentra las siguientes profesiones en la Sopa de Letras.

SECTOR PRIMARIO

Agricultor
Ganadera
Minero
Pescador

SECTOR SECUNDARIO

Carpintero
Panadera
Albañil
Herrero

SECTOR TERCIARIO

Médico
Maestra
Camarera
Policia
Peluquero
Mecánico
Piloto

A	P	C	I	U	Y	P	I	L	O	T	O	T	A	R	Q	H	P
P	O	A	S	D	A	E	F	M	G	L	H	M	J	U	K	E	L
A	G	R	I	C	U	L	T	O	R	Ñ	Z	I	X	C	A	R	V
B	E	P	O	R	N	U	B	M	Q	G	A	N	A	D	E	R	A
R	P	I	W	E	R	Q	T	A	R	E	M	E	Y	N	U	E	P
C	I	N	A	G	I	U	O	W	Ñ	O	S	R	I	A	D	R	A
F	M	T	I	G	M	E	C	A	N	I	C	O	H	J	K	O	D
L	C	E	Ñ	B	Z	R	X	I	S	R	L	C	V	R	B	N	L
G	M	R	D	E	C	O	A	Q	P	E	W	P	C	R	E	T	E
O	N	O	R	I	P	I	C	R	E	U	I	A	E	N	Y	I	A
D	A	P	S	A	C	S	D	A	S	D	M	N	O	F	G	R	H
M	P	B	C	V	Z	O	S	Ñ	C	E	L	A	K	I	D	J	O
N	E	O	M	N	Q	R	D	L	A	W	U	D	E	R	O	E	T
A	Y	Ñ	L	U	T	E	O	B	D	I	C	E	A	S	I	P	R
O	H	E	G	I	X	F	R	P	O	D	T	R	A	L	T	O	S
J	C	K	A	O	C	A	M	A	R	E	R	A	R	Ñ	L	R	O
A	M	E	N	Q	U	I	O	E	B	X	A	L	V	N	C	Z	A
M	P	O	A	T	F	M	A	T	L	I	R	P	O	C	A	N	P

En la sopa de letras busca las actividades productivas del municipio

M	P	F	Y	T	R	S	A	Y	U	I	O
I	E	E	D	F	T	H	G	D	S	A	A
N	C	A	C	J	U	N	A	A	D	U	I
E	F	V	O	U	E	T	O	U	B	H	R
R	V	S	M	O	A	U	G	F	R	B	T
I	T	V	E	J	S	R	B	C	F	D	S
A	H	L	R	N	A	N	I	A	V	C	U
W	B	I	C	F	X	T	N	A	D	S	D
A	M	U	I	O	F	D	V	T	A	A	N
Z	O	T	O	I	C	A	A	S	S	T	I
A	G	R	I	C	U	L	T	U	R	A	R

- AGRICULTURA
- GANADERÍA
- MINERÍA
- PECUARIA
- COMERCIO
- INDUSTRIA

REFLEXIÓNS

Nestas páxinas tentouse reflexar parte das actividades que se realizaron, non todas nin as mellores, pero de todas elas aprenderon os nenos e nenas a coñecer mellor o noso, a contorna máis cercana para dar o salto progresivo e poder relacionarse co máis lonxano. Cando se dá por rematado algo, normalmente faise unha avaliación.

Neste caso o feedback correctivo non ten obxecto, a este alumnado en nada hai que corrixir, mais ben felicitalos pola perseverancia, interese polo traballo en equipo e pola honestidade que os caracteriza, pois sabedores de que non ían obter unha nota final implicáronse dando o mellor de si, ilusionáronse durante o proceso e tamén se desilusionaron pola falta de resposta dalgún Organismo que podendo aportarnos datos relevantes para a nosa investigación non o fixeron, pero non pasa nada porque isto foi un inicio, unha base que nos serve de experiencia para continualo e ampliálo a nivel, municipal, provincial, rexional... e así o faremos para o vindeiro curso na “hora de ler” NORABOA e GRACIÑAS!

Gracias tamén a tódalas persoas que contribuíron nesta investigación.

Este proxecto realizouno o alumnado do CEIP de Bretoña ao longo do curso 2022/23

Sendo Mestres:

PABLO (Director), ALEX, BEA, MONTSE, ANTÍA, SARA, JOSE e RAQUEL

Dirixe e coordina:

ANTÍA

Colabora:

CIN de Bretoña

INDICE

<i>.INTRODUCCIÓN.....</i>	<i>1</i>
<i>ESTRUCTURA DO PROXECTO.....</i>	<i>2</i>
<i>CONTEXTUALIZACIÓN: BRETOÑA.....</i>	<i>3</i>
<i>RECURSOS.....</i>	<i>6</i>
<i>RECURSOS NATURAIS.....</i>	<i>7</i>
<i>UTILIZACIÓN DOS RECURSOS RENOVABLES E NON RENOVABLES....</i>	<i>7</i>
<i>ENERXÍA RENOVABLE.....</i>	<i>8</i>
<i>ENERXÍA NON RENOVABLE.....</i>	<i>8</i>
<i>RECURSOS SOCIAIS OU HUMANOS.....</i>	<i>8</i>
<i>RECURSOS MATERIAIS.....</i>	<i>8</i>
<i>SECTORES ECONÓMICOS.....</i>	<i>9</i>
<i>OS DISTINTOS SECTORES EN BRETOÑA.....</i>	<i>24</i>
<i>INVESTIGACIÓN DE CAMPO.....</i>	<i>29</i>
<i>XESTIÓN DE RECURSOS.....</i>	<i>32</i>
<i>INTERACIÓ COA COMUNIDADE.....</i>	<i>32</i>
<i>ORGANIZACIÓN DOS EMPRENDEDORES.....</i>	<i>34</i>
<i>A XEITO DE DOCUMENTO INTERACTIVO.....</i>	<i>41</i>
<i>REFLEXIÓNS.....</i>	<i>47</i>

